



C.D. CONXO Tfno.: 981 52 16 71 E-mail: info@cdconxo.es

0.- INSTRUCCIÓN XERAIS PROCEDIMENTO DE INSCRICIÓN (2017-18)

Prezada/o socia/o:

Segundo o aprobado en Asemblea Xeral Extraordinaria do Clube Deportivo Conxo (27 de marzo de 2015) solicitámosche cumprimentes os datos adxuntos relativos á súa **Reserva inicial de praza e Inscrición** e/ou á dos deportistas ao teu cargo, correspondente á tempada 2017-18 segundo as seguintes especificacións:

RESERVA INICIAL¹:

1.- Os prazos para a **Reserva inicial de praza** serán os seguintes:

- Inicio: 1 de maio de 2017.
- Remate: 30 de xuño de 2017.

2.- O pagamento correspondente á Reserva de praza (indicada nos impresos de inscrición), farase no momento de efectuar a mesma, en efectivo na oficina do C.D. Conxo.

INSCRICIÓN:

1.- O pagamento da **Inscrición** frágntase en cinco cotas, executándose entre os días 1 e 10 dos meses de agosto, setembro, outubro, novembro e decembro.

2.- Agás a cota de Reserva de praza (en efectivo), o pagamento farase mediante domiciliación bancaria.

		RESERVA	1º PAGO	2º PAGO	3º PAGO	4º PAGO	5º PAGO
CATEGORÍA	TOTAL	MAIO	AGOSTO	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO
XUVENIL	335,00	45,00	65,00	65,00	60,00	60,00	40,00
CADETE	305,00	45,00	60,00	60,00	50,00	50,00	40,00
INFANTIL	275,00	40,00	50,00	50,00	50,00	45,00	40,00
ALEVÍN	175,00	30,00	30,00	25,00	25,00	25,00	40,00
BENXAMÍN	150,00	30,00	25,00	25,00	25,00	25,00	40,00
PREBENXAMÍN	125,00	30,00	20,00	20,00	20,00	20,00	40,00
FÚTBOL SALA	125,00	25,00	15,00	15,00	15,00	15,00	40,00

No caso daqueles deportistas que, feito o pagamento de Reserva inicial, queiran facer efectivo o resto da cota nun só pagamento, o Clube pasará polo banco o correspondente recibo no mes de agosto.

		RESERVA	UN SO PAGO
CATEGORÍA	TOTAL	MAIO	AGOSTO
XUVENIL	335,00	45,00	295,00
CADETE	305,00	45,00	260,00
INFANTIL	275,00	40,00	235,00
ALEVÍN	175,00	30,00	145,00
BENXAMÍN	170,00	30,00	140,00
PREBENXAMÍN	150,00	30,00	120,00
FÚTBOL SALA	125,00	25,00	100,00

¹ A planificación da vindeira tempada será feita en base aos deportistas con Reserva de praza ao remate da presente, de maneira que estarían a expensas das prazas vacantes aqueles que non tiveren feita a mesma e/ou o pagamento de cotas nos prazos indicados.



C.D. CONXO Tfno.: 981 52 16 71 E-mail: info@cdconxo.es

3.- Todos aqueles xogadores que, feita a Reserva inicial, decidisen non continuar no Clube, terán dereito á retribución das cotas aboadas, sempre que o soliciten antes de teren tramitada a ficha federativa.

4.- En caso de forza maior (acreditada), poderase facilitar ao deportista un calendario de pagamento distinto do previsto, mediando solicitude por escrito e xustificada á Secretaría do Clube e a pertinente aprobación da Xunta Directiva, non podendo, en ningún caso, ser incumplido o finalmente acordado.

5.- As cotas fican expresadas nos impresos de inscrición, sendo aplicados descontos no pagamento das mesmas por coincidencia de irmás/áns nunha ou varias disciplinas do C. D. Conxo segundo os seguintes criterios:

- 2 irmás/áns: Desconto do 25 % ao que lle corresponda a cota menor.
- 3 ou máis irmás/áns: Inscrición gratuíta (-100%) do que lle corresponda a cota menor.

6.- Non serán inscritos na FGF aqueles deportistas que non teñan aboadas as cotas vencidas nos prazos establecidos no momento de tramitar as fichas correspondentes.

7.- Para a inscrición deberán cumprimentarse os impresos seguintes:

- Folla de Formalización de inscrición (Impreso 1).
- Folla de Confirmación de procedemento de pagamento das cotas de inscrición (Impreso 2).
- 2 fotografías orixinais tamaño carné.
- Fotocopia do D.N.I. do deportista ou do Libro de Familia onde conste o seu rexistro.
- Solicitude de desconto por ter outro irmán no clube (Impreso 4).
- Autorización para uso, tratamento, publicación e distribución de imaxes e datos persoais dos xogadores menores de idade² (Impreso 3).
- Solicitude de inclusión de Socio familiar dirixida ao Presidente³ (Impreso 3).

8.- Dado que as canles de comunicación entre os membros do Clube Deportivo Conxo están establecidas nos termos recollidos na Normativa 3/2014 (ver "Normativas do Clube" na páxina web www.cdconxo.es) é obrigado deixar constancia, na ficha de inscrición, do teléfono e correo electrónico no que desexa recibir a documentación por parte da entidade.

As presentes instrucións de formalización de Reserva de praza e Inscrición estarán a disposición dos interesados para a súa consulta tanto nas oficinas do Clube como na súa páxina web.

Así mesmo, para calquera aclaración ao respecto, estamos ao teu servizo.

Recibe un cordial saúdo.

Compostela, 17 de abril de 2017

A Xunta Directiva do C. D. Conxo

² Imprescindíbel para o tratamento de datos e imaxe dos deportistas do C. D. Conxo na tempada 2016-17.

³ Pola razón e segundo os termos indicados no propio impreso.